

1. 3ª AVALIACIÓN

EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL de 1º, 3º e 4º de ESO E 1º BAC (DEBUXO I E ARTISTICO I)

Sacado do extracto da programación

A nota final de xuño será a media aritmética das cualificacións globais correspondentes ás tres avaliacións.

Redondearase a nota por defecto, en todo caso, agás que a diferenza sexa ata 0,40 que se redondeará por exceso.

2. AVALIACION FINAL ORDINARIA (antes do día 23)

Todos os alumnos/as terán reforzo dos contidos do curso para preparar a proba de avaliación final, no periodo comprendido entre a terceira avaliación e a final.

Os alumnos/as que tendo superada a 3ª avaliación con unha nota igual ou superior a 5 decidan non presentarse a proba final, (posibilidade de subir nota) terán actividades de ampliación de cara a facilitar a materia para o vindeiro curso.

Quen debe ir á avaliación final?

A maiores do exposto no punto anterior e como medida para os alumnos/as que ao fin de curso non acade o aprobado na materia, tendo entregadas polo menos o 75% das actividades propostas no curso (agás causa xustificada), e feitos todos os exames trimestrais (en 1º e 3º agás causa xustificada), haberá unha proba obxectiva sobre a totalidade dos contidos no mes de xuño.

Quen pode ir á avaliación final?

Todo o alumnado que acadara máis dun 5 na terceira avaliación pode obter a incrementar a nota final realizando o exame final.

- Os alumnos/as que neste exame final obteñan un resultado inferior a 6 manteñen a súa nota.
- Os alumnos/as que obteñan un resultado entre 6 e 7, sumarán un 0,25 sobre a súa nota.
- Os alumnos/as que obteñan un resultado entre 7 e 8, sumarán un 0,5 sobre a súa nota.
- Os alumnos/as que obteñan un resultado entre 8 e 9, sumarán un 0,75 sobre a súa nota.
- Os alumnos/as que obteñan un resultado superior a 9, sumarán 1 punto sobre a súa nota.

En que consistirá a proba ?

A descrición do deseño da proba é a mesma que a xa feita para as probas escritas sobre contidos **teórico- prácticos** esenciais que versarán sobre aqueles estándares de avaliación cun grao mínimo de consecución do 100% e do 75%. Indicarase en todo caso o valor de cada pregunta. É preciso levar á mesma todos os recursos e o material materia. Se é necesario realizarase en dúas sesións consecutivas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN, redondeos, etc?

A proba valorarase de 0 a 10 puntos e para superar a materia haberá que acadar 5 puntos na mesma. Redondearase sempre por defecto.